


# O drama dos refuxiados:

## a humanidade posta a proba



# A foto que fala


Que imaxe máis  
xeitosiña!



## O trasno Daquela maneira

Daniel López Muñoz

En euros por habitante



Fuente: Ministerio de Hacienda y elaboración propia

LA VOZ

Noutro trasno destes de antes das eleccións lamentaba que o esforzo de xente honesta e ben intencionada, como o caso do noso benquerido Mini, co apoio dun manifesto de noventa persoas relevantes da cultura e da comunicación en Galicia, non tivese como resultado o logro da lista única galega, con personalidade xurídica propia.

O noso argumento era simple e obxectivo: cunha lectura “non forzada” do regulamento das Cortes, indo na lista doutros non era posible conformar un grupo parlamentario ga-

lego. O demais eran andrómenas. Quen puido pensar que se ía “forzar” a letra do regulamento para favorecer a emerxencia dun grupo galego? Con que apoios exactamente?

En realidade, nunca tal grupo houbo. Ou sexa que igual algo melloramos. Houbo grupos cataláns, vascos, canarios. Galegos, non. Os deputados de forzas galegas -non estatais- batéronse bravamente desde o grupo mixto. Pero esta vez había unha oportunidade para que Galicia tivese voz, tempo, orzamento, equipo técnico... Unha boa dotación. Aos números me remito.

xa non somos todos, que iso cambiou en Palma- acaba de adiantar parte dos fondos de participación dos concellos nos ingresos do Estado. Pois ben, cos seus criterios de reparto, os euros por habitante son nefastos para os concellos galegos, mesmo para os grandes (ver gráfico). Quen vai defender que mude unha situación que a nós nos prexudica xusto na medida en que beneficia a Barcelona, Madrid, Valencia.

Ou como cambiar un sistema de reparto de cotas de xurelo se o prexuízo causado aquí é vantaxe para outros con máis influencia. Ou un sistema de determinación do prezo final de recollida do leite que só se volve letal no territorio galego, como por ensalmo, mentres que noutros territorios un produto de menor calidade se paga mellor?

Non se trata privilexios. Trátase de igualdade. Porque a aqueles territorios que lles vai mellor, ou son as “terras do centro” ou son periféricos orgullosos, bravos e ben organizados. E nós, pois iso, quedamos aí que nin arre nin xo. Daquela maneira.

O estado europeo no que mais medrou a desigualdade neste tempo da chamada crise financeira foi o Reino de España. Chipre vai por diante, pero dos “importantes”, España leva a medalla de ouro en desigualdade. Os informes de OXFAM son contundentes, oportunamente escandalosos, en plena discusión sobre o futuro goberno de Madrid. E, se se desen resultados contemplando diferenzas entre territorios e non só entre individuos, o escándalo aínda sería maior.

Non hai segredos. A liberdade para os capitais, a falta de regulación, a fiscalidade débil, leva ao que leva. Por iso o 1% da poboación concentra tanta riqueza como o 80%. Por iso 17 das 35 empresas do IBEX no pagan polo imposto de sociedades en España e, en troques, aumentaron nun 44% o número de filiais en paraísos fiscais como as Illas Caimán. Por iso os presidentes das empresas do IBEX cobran de media 158 veces máis ca un empregado normalíño.

### Hai escasas propostas políticas, ben calculadas, para combater a crecente desigualdade

A cobiza é o pecado capital do Capital. Era visto. E alguén debería facer algo ao respecto.

Pero os pecados capitais son sete. E hai outro que se chama preguiza.

Resulta insólita en toda a negociación sobre pactos posibles a pobreza de propostas, ben calculadas e estruturadas, por parte dos aspirantes a gobernar. Non só agora, tamén antes, xa durante a campaña electoral. Si que se escoitan cousas que se prometen facer ou implantar; rara vez se di como se van pagar. Os efectos letais da cobiza do Capital non se van poder compensar coa preguiza das alternativas ao PP. Fálase demasiado alegremente de política social. Pero a xente sabe que na vida hai que “facer números”. E as matemáticas –posiblemente desde a EXB- son a materia pendente dos politólogos de esquerda e líderes diversos. Hai que facer propostas asentadas en números: é unha desgraza, pero é así. Claro que se pode reconducir esa carreira cara á desigualdade infinita; pero fan falta plans asentados en táboas de cálculo, que expliquen á xente como se financian as medidas, de onde saen os fondos, onde quito e onde recado (a quen quito), e non só onde incremento gasto. Non é acaso na política social onde parece haber un terreo común entre PSOE e Podemos? Pois a negociar medidas, coa calculadora e boa pedagogía.

## Rumores de esperanza

Xan Guillén

Hoxe, polo prezo dun, traio dous rumores de esperanza. Xa que estamos no tempo das rebaixas, vou facer unha oferta irresistible. Coido que non debedes perdela.

Primeiro rumor: o traballo de Intermón-Oxfam. Como sabedes, é unha boa ONG que traballa forte pola xustiza. Lévaos facendo moitos anos. Vén de publicar un novo informe sobre as desigualdades no mundo. Os datos están facilmente localizables na internet, polo cal non volos vou comentar nin repetir. O que si quero comentar é que son moi útiles para reflexionar. Todo o que nos faga pensar e ser conscientes do mundo no que vivimos está ben. Mágoa que estes datos non sirvan para facer un debate



# Intermón Oxfam

pausado na nosa sociedade. En xeral, os medios pasan directamente deles, ou simplemente descualifícanos. Ti que podes e pensas, por que non dás unha volta pola páxina da súa web e activas o teu cerebro racional e a túa alma sensible ao mundo?

Segundo rumor: temos un novo gallego que é un xenio. Trátase de Nico Casal. Quen vén sendo este rapaz?


Pois o mozo que lle puxo banda sonora á curtametraxe inglesa *Stutterer*, que está nomeada aos Oscar 2016. O mellor non é só que estea nomeada. O mellor é que este rapaz ten só trinta anos, polo cal se lle presenta un futuro moi prometedor no mundo da música. De seguro que axiña poderemos gozar con máis premios del. Ten corda para moito tempo.



1



3



2



4



## A peneira

1

O 15 foi a xornada de solidariedade en **EUA**, aniversario de Martin Luther King (1929), na que os cidadáns serven á comunidade. O seu "Teño un soño" non se cumpre e a reforma migratoria periga: 7 de 11,3 millóns de emigrantes indocumentados viven sen o amparo das leis dos cidadáns e 400.000 son deportados cada ano.

2

Os **HUMEDAIS** acollen aves en risco coma o mazarico real nas lagoas da Terra Chá, a cerceta nas ribeiras do Río Louro ou os patos mergulladores, pero abundan máis as que invernan nas nosas praias, bo coma o negrón da foto. A Ría de Ribadeo, un dos espazos máis propicios para as acuáticas, é convertida en refuxio de caza, a súa ameaza.

3

Escollen a **BOLBORETA** do ano, pero a metade desapareceron de Europa en 20 anos pola intensificación da agricultura con pesticidas. Feriuse a polinización, a alma dun agro sostible. A Aricia no Courel é dependente das orquídeas que morren; alí vive a erebia dende fai 15.000 anos. Coas bolboretas investigan a vacina contra o ébola.

4

O 6 é a xornada contra a mutilación xenital que sofren 125 millóns de mulleres. Entre nós hai 168 menores de 15 anos (no Estado 17.000) pertencentes a países que a practican. Na foto, Fatima Djarra, mediadora social de Médicos do Mundo, mutilada aos 4 anos, loita en Mali contra a **ABLACION**.

5



7



6



8



Alfonso Blanco Torrado

5

**CUBA** celebra o 28 o Congreso “Con todos e para o ben de todos” no 160 aniversario de Martí creando pontes alén do mar. En oito meses do 2015, 128 empresas galegas exportaron a Cuba o dobre ca no anterior e 25 teñen pesenza no tecido empresarial cubano en entidades mixtas ou con outros acordos. Na foto, técnicos galegos e cubanos estudando o alzhéimer.

6

**REAS** (Rede de Economía Alternativa e Solidaria) celebrou en Ordes o I Encontro baixo o lema: Intercooperar!! Estes catro estudantes das Mercedes de Lugo autoempregáronse no asesoramento de eficiencia enerxética creando unha cooperativa. Xa son máis de 1260, que empregan a 21.000, o 2% das e dos ocupados. As agrarias son 215.

7

O Grupo de Curas en Opción polos Pobres de **ARXENTINA** denuncia o silencio dos bispos ante a ditadura do mercado que están a impor os actuais mandatarios, negando os dereitos dos máis pobres a favor do capital e o imperialismo. O 5% dos argentinos é indixente, un de 4% sobrevive na pobreza. E 2783 conviven con nós.

8

A Asociación de parentes de enfermos de alzhéimer convocaron a II Gala “Non te esquezas de rir” en Vigo. Mentres, o sociólogo Santi Pazos e o Concello de Carballo alongan o proxecto “**Ruar e RIR**” convertendo os pasos de peóns nunha conversa e debate entre o asfalto e os veciñ@s para arrequecer a convivencia: “Derrubando muros con pintura”.

# Política A estabilidade indesexable

Carlos Vázquez G.

A estabilidade política que a dereita, e nomeadamente Rajoy, ofrecen é pura demagogia, no seu sentido estrito de utilización enganosa e torta das aspiracións lexítimas das persoas, para alguén conservar o poder. É demagogia, antes de nada, porque as políticas que practican



e defenden tenden, de seu e inexorablemente, á inestabilidade. As medidas políticas, sociais e económicas impulsadas, defendidas e practicadas pola dereita política, non só en España, conducíronnos, de feito, a sermos o país máis desigual da OCDE, só por riba de Chipre. Pois ben, coa desigualdade instalada e medrando non é posible a estabilidade social e política e nin sequera é razoablemente desexable. Se estable é aquilo que se mantén sen perigo de cambiar ou de caer, como pode ser posible e mesmo desexable a estabilidade para quen padece fame, frío, pobreza, incertidume ou unha calidade de vida precaria, tan preto da miseria como

lonxe da dignidade? O sensato sería que quen padece unha circunstancia semellante, ou quen rexeita que tal situación se produza, queira e traballe por cambiar a situación e facela caer ou desaparecer. É dicir, traballe lexítimamente por desestabilizar e facer caer unha realidade política e social inxusta, desigual, cruel e despiadada. Porque lles interesa moito mantela, queren estabilidade os fartos, os ricos, os satisfeitos, os privilexiados, os protexidos e sicarios do poder e os detentadores mesmo dos poderes económicos e políticos que, ademais, non empatizan nin se solidarizan realmente coas vítimas da desigualdade e da precariedade. A estabilidade política e social só será posible realmente cando exista un grao mínimo vital de igualdade no uso e gocee dos bens, que a propia humanidade xera e produce co seu coñecemento e traballo. Entón, a estabilidade sería posible e razoablemente desexable.

**A estabilidade política que a dereita ofrece é pura demagogia**

A estabilidade política, económica e social é, neste momento, en España e no mundo una grande utopía como o é a xustiza social, a convivencia pacífica entre pobos e crenzas ou erradicación da fame e da violencia de xénero. Pero a estabilidade, coas políticas e as prácticas neoliberais vixentes e hexemónicas en España e no mundo, é simplemente unha quimera. Abonda botar una ollada global para comprobalo a golpe de sangue e morte. Polas utopías compre loitar porque comprobado está que se poden alcanzar, como xa algunha se alcanzou, pero as quimeras son sempre imposibles e moi susceptibles de seren carne de demagogia.



# O peto común

Rubén Aramburu

Portas Ártabras é un entrañable santuario da cultura galega, no corazón da Cidade Vella da Coruña. Da man de Felipe Senén e dos Amigos dos Museos de Galicia, acolle conferencias, tertulias, concertos, exposicións e ten un fermoso retablo composto de sinaturas e debuxos de creadores do país. Este ano, preside o retablo maior, unha case estampa moi fermosa de Manuel María, obra de Xurxo Lobato.

O pasado 13 de xaneiro as Portas Ártabras abríronse unha vez máis para facer memoria viva de Manuel Espiña. En pouco tempo celebraremos o sexto cabodano de D. Manuel, e a Asociación Cultural Irmáns Suárez Picallo, tan activa e sensible á realidade do noso pobo quixo facer sentido homenaxe a Espiña, dedicándolle o número 5 dos seus Cadernos de Estudos Xerais. Hai que lle agradecer á A. Suárez Picallo, o interese por persoeiros que nin a mesma Igrexa lembra: hai uns meses dedicaron outro caderno a Moncho Valcarce o combativo crego das Encrobas. Paco Pita e Vanesa Santiago foron quen de crear unha fermosa edición do Caderno, onde colaboran Manolo Rivas, Torres Queiruga, Xabi Blanco, Victorino Pérez Prieto, Luz Pozo...e como non a Comunidade Cristiá do Home Novo, esa filla ben viva de Manuel Espiña.

Na presentación estiveron presentes algúns dos autores, como Felipe Senén e Tori, e contamos co deleite musical de Bea a de Estrella, outra querida e comprometida amiga que ven de presentar o disco *Mar de Fóra*, con temas íntimos e cheos de forza e calidade musical da autora. Por certo, o disco é solidario e se o mercades habedes colaborar coa a asociación AGAeFA que agrupa aa persoas afectadas pola acondroplasia.

A pesares da tromba de auga e da noite pecha, Portas Ártabras quedou pequeno para acoller a tanta xente amiga de Espiña. Parabéns polo traballo e contamos coa presenza e a voz de Bea na Festa do Lume.

**PRESENTACIÓN DO Nº 5 DOS CADERNOS DE ESTUDOS XERAIS**



*Evocación e lembranza de Manuel Espiña Gamallo*

**MÉRCORES 13 DE XANEIRO 20:00 HORAS**

**PORTAS ÁRTABRAS**  
R/ Sinagoga 22, baixo A Coruña

**organizan**  
A. C. IRMÁNS SUÁREZ PICALLO

**colabora**  
Deputación DA CORUÑA

## O CARRABOXO por ROBE LOIS







Alfonso nunha foto de arquivo

### Como é todo este plan dunha viaxetan especial a un sitio chamado Moria?

Pois é así de simple: marcho pola miña conta a Lesbos. Tiven que empregar moito tempo en ver que podería facer, onde aterrar, con quen contactar. Todo un cursiño que me terían dado, se fose asociado a algunha organización. Axudáronme algúns contactos de persoas que estaban por alá, por exemplo de *Causas Comúns* (“Proyecto Muros”), algún blog de xente que estivo e que conta e dá información en páxinas e enlaces de Facebook.

### Con que iniciativas contactaches alá?

Por exemplo “*Better days for Moria*”. Se vas á súa páxina web xa te das idea. Moria é un campo de rexistro, preto da capital da illa, Myrtiene, onde a xente que atravesou o mar inicia o segundo paso: poder embarcar nun ferry que a leve a Atenas. Moita xente non colle no campo ou non quere. Acampan no contorno. Trátase, polo tanto, dunha iniciativa de base social que se controla desde a colaboración e a participación. Foi algo que medrou de maneira impresionante, pero que segue necesitando máis colaboración, mans e cabezas que garantan a súa vitalidade.

*A situación dos refuxiados que tratan de cruzar desesperadamente o Mediterráneo é a maior chamada de atención ás consciencias solidarias das sociedades occidentais. A pesar da confusión creada, da desconfianza alimentada, dos incidentes diversos... o drama humanitario segue aí. Diversas iniciativas solidarias nacen arredor do lugar de Moria, na Illa de Lesbos, un dos puntos de chegada e rexistro de refuxiados máis colapsado de Europa. Falamos con Alfonso Mascuñana, que marcha a Lesbos como voluntario.*

Actividades lindas nese aspecto son servizos de comedor popular na rúa. Hai unha paxina conmovedora: koinonía cociña (está en grego pero tradúcese ao inglés).


Outro grupo que merece a pena ver a a web é *Starfish Foudatión*, en Molybos. En facebook teñen fotos moi boas. Están cara ao mar e andan niso que vemos máis na tele do rescate e primeiros auxilio. Están ben organizados. Ofrecen traballo se estás cando menos un mes, te inscribes e aceptas recibir formación. Trabállase en quendas de sete horas. Hai traballo para todo o mundo, creo que incluso para min. Ofrecen un certo apoio como proporcionarche aloxamento algo máis barato, din.

### Todo un desafío persoal...

Falar antes de ir é algo fachendoso. Dáche a impresión de que é unha solidariedade moi internacional, de moito corazón e de recursos de pinga a pinga. De feito eu non sei que farei. En principio levo tres noites reservadas en Mytilene. Terei un tempo para ver onde quedar. De feito, os grupos e persoas que están ou estiveron din que fai falla unha semana para orientarse. O que supón o contorno de Moria represéntome máis como a Terra. O contorno de Molybos, Mar. Esperemos que non falte Lume e Aire...

**Lesbos é un lugar estratéxico na peripezia dos refuxiados que entran por mar. Que se fai nese punto?**

É unha solidariedade moi internacional, de moito corazón



Anagrama de Better Days de Moria



Efectivamente é un lugar chave. A viaxe cara a un asilo seguro non remata coa entrada en Europa, por máis que a viaxe que remata alí, en Lesbos, perigosa e extenuante, por mar e en condicións precarias, produce unha sensación provisional de alivio. En realidade e viaxe cara a unha existencia lexítima e segura acaba de comezar.

Despois de chegar a Lesbos os refuxiados están mollados, en risco de hipotermia. Tranpórtanos desde a praia ao campo de refuxiados de Moria, onde teñen que agardar varios días para o seu rexistro na Oficina da Axencia Europea de Control de fronteiras (FRONTEX). Unha vez rexistrados e documentados, poden mercar un billete a Atenas para proseguir. Esa documentación úsase en cada control de fronteiras e resulta vital para a seguridade dos refuxiados e das súas familias.

Este proceso de rexistro en Moria comezou en xullo de 2015. Durante cinco meses apenas puideron ofrecer acubillo a unha mancha de refuxiados da inmensa cantidade que chegaban. Non había comida para distribuír. Varios médicos de ONG colaboraban en temas de saúde. E co inverno, evidentemente, a situación comezou a empeorar. Foi daquela cando voluntarios independentes se uniron para crear un sistema de resposta urxente que garantise un benestar mínimo aos refuxiados.

#### **E en que se concreta?**

Por exemplo, Better Days for Moria lanzou o proxecto Campo de Oliveiras (Olive Grove Project) en Novembro pasado. A súa primeira acción foi a distribución de calzado enxoiro, roupa, comida. Tamén na identificación de refuxiados que precisasen de maneira urxente atención médica.

A medida que o proxecto medrou, incorporaron un centro de información, unha pequena clínica, un siste-



Imaxe dun dos campos da illa de Lesbos

ma de distribución de comida quente, un área infantil, unha tenda de te, lotes de leña para o lume nocturno, un cuarto de oración e váteres limpos.

#### **Trátase de completar, non substituír a acción pública oficial.**

Efectivamente, o proxecto medrou enormemente: Os servizos médicos e roupeiro están abertos as 24 horas e actualmente fanse centos de revisións médicas ao día e distribúen cerca de 5000 comidas. Pero a idea básica é que eses servizos non substitúen, senón que complementan, a axuda esencial que dentro do campo é sub-

## A viaxe cara a un asilo seguro non remata coa entrada en Europa, só acaba de comezar

ministrada por ACNUR, a axencia das Nacións Unidas para os refuxiados, e por diversas entidades públicas e ONG consolidadas.

#### **Todos estes proxectos teñen unha base de voluntariado internacional...**

Si, son voluntarios e voluntarias de todo o mundo, xente de diferente extracción social cultural e profesional. Na **páxina web** de *Better Days* son moi expresivos neste sentido: “*Somos fotógrafos activistas, alfaiates, estudantes universitarios, enfermeiras, hackers aromaterapeutas....Somos es-*

*critores, mecánicos, camareiros, e novelistas sen emprego. Somos cristiáns, musulmáns, xudeus ou nin unha cousa nin a outra*”

A cousa en común é ir e estar alí colaborando. Chaman por esa colaboración porque o traballo é desbordante. E piden que como mínimo a estadía sexa de dúas semanas. Quérese evitar o turismo solidario, ir para sacarse uns poucos selfies.

#### **Agora Irimia vai ter un representante. Como podemos colaborar?**


Pois vou alá en principio por 33 días, polo que non estarei na Festa do

Lume, pero seguimos en contacto. Como vedes é unha solidariedade bastante de abaixo arriba, e en boa medida autoorganizada. A colaboración pódese facer tamén economicamente: abrimos unha conta a nome de Alfonso Mascuñana na Caixa rural, para facer achegas solidarias, que, polo que nos din, é a mellor forma de colaborar. O número da conta é: **ES13 3070 0044 5661 6241 4129.**

**Pois boa viaxe e unha aberta solidariedade!**

# Carta

*Co gallo da publicación do artigo sobre o padre Xaime Seixas e a súa difusión no blog irimego, púxose en contacto connosco o autor desta carta para tentar recavar información sobre as persoas das que máis abaixo se pode ler. Se alguén quere colaborar con algunha pista, pode escribir á mesa de redacción ou contestar directamente a Francisco Nogueira nos comentarios do blog, xa que foi o camiño que el mesmo empregou para lanzar a súa petición. Velaquí un texto recreado a partir de varios dos seus comentarios na web ao longo dos días.*



Benqueridos/as irimegos/as:

Decidinme a escribervos porque, dado o carácter da vosa asociación, teño a esperanza de que algún dos lectores da vosa revista poida axudarme na miña procura:

Para comezar, teño moito interese en saber que foi dun crego chamado Waldo (ou así) que coñecín na primeira década dos anos setenta en Valeixe (A Cañiza), onde estaba como exiliado. Teño entendido que viña de Angola ou Mozambique e vivía no lugar de Barreiros (Valeixe). Dende logo era unha persoa progresista e comprometida. Algunha vez dixéronme que estaba de párroco pola zona de Redondela, non sei se en Cedeira, pero non sei máis. Coido que era persoa de valía.

Por outra banda, tamén me gustaría que alguén intentase investigar sobre un cura chamado don Marcial, párroco na Parroquia de Gresande (Lalín) nos anos da Guerra Civil e nos da posguerra. Seguramente non foi un erudito que destacase intelectualmente, pero mostrou, a dicir dos veciños (e non só dos que ían á misa senón dos que estiveron presos varios anos no Lazareto de San Simón), unha conduta valente e modélica, algo raro naqueles anos. Era natural de Camba (Rodeiro), da parroquia de San Xoán de Camba ou da do Salto (nunha delas está enterrado), seica dunha aldea chamada Ferreiro, Ferreiroa ou algo así. Non lembro os apelidos, pero coido que non sería tan difícil localizalo, pois debeu estudar no seminario de Lugo antes da guerra, onde sería ordenado, polo que debe quedar constancia nos arquivos. Polo de agora só conto cunha feble pista que me achegou un amigo exsacerdote:

que Sabino, cura da Portela (en Rodeiro, cerca de San Xoán de Camba e do Salto), podería saber algo.


Se escribides en internet Sociedade de Agricultores de Gresande, ademais dunha fotografía, podedes ler algo sobre o apoio de varios curas ás reivindicacións agrarias. Non sei dende cando D. Marcial exercía nesa parroquia pero a tal Sociedade durou ata o Movemento e constituía o centro dinamizador do contorno. A memoria popular

## D. Marcial foi home afouto e de conduta irreprochable.

conta del varias anécdotas, como aquela de certo día na que, un grupo algo achispado, introduciu unha baloira por unha xaneliña da igrexa e guindou un santo do retablo, que se esnaquizou completamente. Pois aínda con eso D. Marcial non se alporizou.

Cando vaia polo Deza tratarei de averiguar máis. Fágovos esta petición porque sempre me doeu que ninguén se lembre das boas persoas que pasaron facendo o ben polos demais. O mundo chamado rural é un grande descoñecido e esquecido. E, ademais, garda moi ben os segredos.

Apertas,  
F. X. Nogueira



Este último libro, querido Pepe Chao, foi una teima persoal túa. Ninguén estaba moi convencido. Ninguén soubo ver máis alá, porque todos fitaban cara o pasado. Só ti, ollando cara ao alén, no teu solpor, nos estabas a facer entrega do mellor de ti mesmo.

*Na vosa sincera amizade pouso e repouso a miña memoria vivida, o meu esforzo creativo, o meu espírito máis nidio, sabéndome profundamente humano pero tamén absolutamente fráxil. Déixovolo a xeito de compendio hermenéutico do que foi a miña traxectoria vital, de crente radical, crítico, pero endexamáis crédulo.*

Este é un libro traballado con grupos en tempos pasados cando estabas en plenitude. Un precioso elenco de sabedoría. Unha guía espiritual da máis rexa espiritualidade, á altura de calquera home ou muller dos tempos actuais, sen sentírmonos minorados con visións ultrapasadas ou mesmo vítimas dunhas interesadas infantilizacións. Para que crer non se volva algo oprobioso.

Tratase dun libro autenticamente sapiencial. Coma os da Biblia. Pero de hoxe. A auténtica sabedoría da humana fragilidade na procura esencial dunha verdadeira orientación de sentido profundamente “aggiornata” «para dar razón da nosa esperanza». (1 Pe 3, 15).

Xaquín Campo Freire.  
Mandiá-Ferrol.  
Xaneiro de 2016

Editado pola Asociación Irimia


Prezo: 10€

Pedidos no teléfono: 650 026 015



# Carta As primeiras misas en galego durante o franquismo

Xosé Estévez



Xosé Estévez

*No número 927 da nosa revista presentamos un artigo sobre as primeiras misas en galego durante o franquismo. Xosé Estévez, autor do libro “Un crego atípico na Fonsagrada (1967-1969)” (2014) remítenos o capítulo 10 do seu libro onde expón que as primeiras misas na nosa lingua no rural galego tiveron lugar en Cuiñas e Cereixido (Fonsagrada) no ano 1967, sendo o propio autor deste artigo quen as oficiou. Presentamos aquí un extracto deste capítulo onde narra estes feitos.*

## Unha lingua agraviada

A lingua galega é un signo esencial da identidade galega. Isto pode vincularse coas agresións que aturaban as chamadas linguas ou dialectos “rexionais” por parte da ditadura franquista. Lembro o primeiro agravo en 1949, na escola de párvulos, cando fun castigado pola mestra, dona Concha, por utilizar o galego no interior do tabernáculo educativo. A pena consistiu nunha prostración de xeonllos durante dúas horas ollando cara á parede, da cal penduraban un crucifixo e mais o retrato do “Perenne”, que me fitaba con ganas de me esborrifar.

As ofensas proseguiron no seminario menor das Ermitas, situado na provincia de Ourense, mais adscrito á diocese de Astorga, a xeito de improperios e reprimendas verbais contra os osados usuarios da lingua de Rosalía e Castelao.

O cumio represivo rematou no curso 1958-59, desta volta no seminario de Lugo, co establecemento do método do anelo, procedemento utilizado xa no século XVIII polos mestres en Navarra nas bisbarras euscaldunas para erradicar o éuscaro. O que ficaba á noite, hora do exame de conciencia, co anel tiña a obriga de desembol-

sar un peso, cantidade notable para a magra economía dun rapaz galego de clase modesta. Cantos pesiños paguei! Mais non me venceron e menos aínda, non me convenceron.

Eu preguntábame decote: Por que apelouran a lingua galega, cando a falan maioritariamente nos pobos e nas aldeas e é o único e case exclusivo vehículo de comunicación familiar? Neste tema as primeiras luces do amencer prenatal encetaban tremantes en sutil feixe a alumear os indicios da conciencia. En palabras de Pessoa: “a miña patria é a lingua”

Ao comezar o primeiro curso de Teoloxía en 1963 optei por deixar o seminario e realizar un ano de proba na vida civil exterior como instrumento de comprobación vocacional. Trasladeime a Madrid para traballar no Ministerio de Obras Públicas como axudante técnico de laboratorio despois de aprobar un pequeno curso de tres meses. Desenvolvín o meu labor a pé de obra, na autovía Madrid-Barcelona, nas proximidades da localidade de San Fernando de Henares.

Nese medio laboral padecín outra experiencia, que upou un chanzo máis na asunción da conciencia nacional. Tan axiña como encetaba unha conversa con alguén descoñecido, decon-

tado notaban o meu acento galego. De xeito inmediato o interlocutor inquiría: *Es galego?* Acompañaba a interrogación co prebe dun xesto conmisericordioso e cun sorriso de piedade. A repetición deste feito case me chegou a motivar unha especie de complexo de inferioridade, o clásico “complexo do colonizado”, de autopena.

De volta ao seminario maior de Lugo en 1964 para cursar os catro anos de Teoloxía, topeime novamente coa agresión ao idioma na persoa dun funcionario do portelo na Deputación Provincial de Lugo, enfeitizado co típico bigotiño rabecho e ben recortado dos fascistas daquel tempo. Malia a miña vestimenta clerical talar, daquela respectada, ao meu humilde prego de arranxo dunha papelame burocrática de meu pai en lingua galega, espetoume con reproche tallante: *Hábleme usted en cristiano!*

## As primeiras misas en galego

En Cuiñas e Cereixido, así como noutras aldeas pertencentes ás dúas parroquias como Fumaior, Santa Xuliana, Santiso, Aldomán, Lladairo, A Porteliña, Souto, Castro, Tabueiro, ou Pando ( na festa de Lourdes en agosto) celebráronse as primeiras misas e



Igrexa de Cereixido (Fonsagrada)

outros ritos en galego de xeito continuado no rural (fóra das xa coñecidas en Vigo polo xesuíta P. Seixas no 1965, ou do P. Espiña na Coruña). Por suposto, sen o correspondente e preceptivo permiso do bispo da diocese, o navarro D. Antonio Ona de Echave, de pensamento integrista e reaccionario.

O coro que organizamos cantou por primeira vez en galego na misa da festa de Cuíñas na primavera de 1968. Inclusive nalgúñas outras parroquias dos arredores como Lamas de Moreira, no verán de 1969, tamén as eucaristías soaban na lingua de Rosalía, daquela deostada oficialmente para as celebracións litúrxicas.

O 25 de xullo de 1969 a misa de Santiago, padroeiro da parroquia de Cereixido, foi celebrada en galego co aplauso unánime de todos os asistentes, polo ben que saíra. A euforia continuaría con unha boa troula pola noite, pois a ledicia non é incompatible co evanxeo. A presentación da mensaxe de Xesús Cristo -que participou en vodas, festas e paparotadas-

na compañía da tristura, o pecado, a morte, o xuízo final e o inferno, xunto co mal exemplo dos seus seguidores, causou moitos ateos, agnósticos e indiferentes.

O 10 de agosto de 1969 na parroquia de San Martiño de Suarna, entón rexentada por D. Ramón Mondelo, celebrouse a misa maior das festas en galego. A ela asistiron os irmáns Santamarina, exiliados nos EEUU dende a Guerra Civil do 36. Un deles veu darme as grazas e choraba coa emoción, pois dende os anos da República, non volvera a escoitar tal cerimonia no idioma de Castelao. Nese tempo de alborada democrática, chea de esperanza, coutada polas botas dos Atila militares o 18 de xullo de 1936, celebrábanse misas a Rosalía en San Domingos de Bonaval. O oficiante habitual era un cóengo galego, López Carballeira, incardinado na diocese de Valladolid. Este fora compañeiro dun cóengo vasco, D. Alberto Onaindía, exiliado durante moitos anos en San Xoán de Luz.

Estas celebracións no nosa lingua causáronme tamén xebres problemas coa meirande autoridade da diocese. En ocasións eran compañeiros que

sentían autoxenreira pola súa propia cultura, sinal nidio da actitude típica do colonizado. Tal aconteceu nunha voda, ou nas festas do 2 de agosto en Quiroga, onde prohibiron a misa en galego cando xa un fato de mozos ensaiáramos varios días con ese obxectivo.

Tal como explicaba Ramón Piñeiro, o idioma é a creación colectiva dun pobo e elemento definidor da súa identidade, herdo que debemos transmitir. Ou coa acostumada lucidez e coa concisión da poesía o noso amigo inesquecible Manuel María:

“O idioma é un herdo,  
patrimonio do pobo,  
maxicamente vello,  
eternamente novo.  
O idioma é a patria,  
a esencia máis nosa,  
a creación común  
meirande e poderosa.  
O idioma é a forza  
que nos xungue e sostén.  
Se perdemos a fala  
non seremos ninguén”

---

## HABLE BIEN

---

### *Sea Patriota - No sea Bárbaro*

**Es de cumplido caballero. que Vd. hable  
nuestro idioma oficial o sea el castellano. Es  
ser patriota.**

---

**VIVA ESPAÑA Y LA DISCIPLINA Y NUESTRO  
IDIOMA CERVANTINO**

**¡ ARRIBA ESPAÑA !**

---

Ourense, Imprenta Sindical. A Coruña, 1942

# O noso taboleiro Festa do Lume de 2016

*“Érase que se era ...un país verde nun planeta azul...”*

## Sábado 6 de febreiro, Mosteiro de Bergondo

Ademais de ser a Asemblea anual de socios e socias da Asociación Irimia, é o noso encontro de inverno, a nosa “Festa do Lume”, como a batizou Pepe Chao. E na natureza, **neste país verde e neste planeta azul**, queremos centrar o noso encontro. Hai dous anos convidamos a iniciativas creativas que afrontaban as consecuencias da crise financeira con imaxinación, cooperación e unha visión alternativa da produción, do intercambio e do consumo. O pasado ano a nosa mesa de experiencias facía homenaxe a iniciativas sociais e culturais de base que inzan o noso territorio. E agora para o 2016 queremos poñer o acento na **defensa ecolóxica do territorio**.

Francisco publicou recentemente a *Laudato si*, co fermosísimo subtítulo de “O coidado da Casa Común”, e aí

maniféstase a vinculación entre o deterioro ecolóxico e os modelos acelerados e depredadores de produción e consumo, un deterioro que afecta de maneira directa e especial aos máis vulnerables. Por outra parte, o Cumio de París sobre o cambio climático, rematou cun compromiso morno e insuficiente. Neste contexto de preocupación compartida e ben actual, preguntámonos: que está pasando en Galicia? Como se está librando aquí a batalla polo futuro do noso equilibrio natural? Onde e de quen podemos aprender e re-animar a nosa propia coherencia e militancia?

Alí nos vemos, anotade na axenda e esmerádevos coas tortillas e biscoitos!!!!

### Horario:


9:30 Café

10:00 Asemblea de socios/as de Irimia

12:00 Mesa redonda de experiencias galegas de defensa da natureza e do territorio (Asociación de defensa da Ría de Pontevedra, Cooperativa A Nosa Enerxía, Asociación Vaipolorío, produtores agrarios de proximidade, ...)

14:30 Xantar compartido

16:30 Celebración da Candeloria (coa achega musical de Bea)



Deputación  
DA CORUÑA

EDITA: Asociación A. IRIMIA

MESA DE REDACCIÓN: Daniel López Munoz, Luís Gómez Aldegunde, Pedro Pedrouzo Devesa, Rubén Rivas Vidal, Lidia Campos Chan, Manolo G. Turnes, Lines Salgado Iglesias, José Antonio Martínez. Tlf. 986 10 49 45.

COLABORADORES: Xosé Chao Rego, Victorino Pérez Prieto, Xosé Antón Miguélez, Manolo Regal, Alfonso Blanco Torrado, Xosé Lois Vilar, Marta Sopeña, Gumersindo Campaña, Tareixa Ledo, Moisés Lozano, Clodio González Pérez, Antón Martínez Aneiros, Sara Paz Quiñones, Manuel Pérez Blanco, Xabier Blanco, Valentina Formoso Gosende, Celia Castro Ojea, Xerardo Castedo Valbuena, Engracia Vidal, Francisco Xabier Martínez Prieto, Fernando Veiga, Antonio Pinto Antón, Bea Cedrón Vilar, Mariano Guizán Sánchez, Carmen Soto, Rubén Aramburu, Carme Soto, Marisa Vidal e Xan Guillén, Christina Moreira.

CORRECCIÓN LINGÜÍSTICA: Lidia Campos Chan, Luís Aldegunde.

RECEPCIÓN DE ARTIGOS E COLABORACIÓN EN: [revistairimia@asociacion-irimia.org](mailto:revistairimia@asociacion-irimia.org)

SUBSCRIBIÓNS: Apdo. 296 - 15704 Santiago de Compostela. Telf.: 628 416 644 / [subscripcións@asociacion-irimia.org](mailto:subscripcións@asociacion-irimia.org)  
Ordinaria: 25 Euros. de Apoio: 40 Euros.

PARA ASUNTOS DA ASOCIACIÓN NON RELACIONADOS COA REVISTA: [asociacion-irimia@asociacion-irimia.org](mailto:asociacion-irimia@asociacion-irimia.org)

CONTA: ABANCA ES63 2080 0349 8530 4000 5822 - Urbana, nº 8 - Santiago

DEPÓSITO LEGAL: C-1417-81 TIRADA: 1.000 exemplares

DESEÑO E MAQUETACIÓN: TallerDD (Ninfa, Riveiro, Martínez)

ISSN: 2172-9182

IMPRIME: TÓRCULO Artes Gráficas

DISTRIBÚE: IMPACTA

EDICIÓN ELECTRÓNICA: <http://asociacion-irimia.org/revista.xhtml>

FEITO EN PAPEL RECICLADO





# Boa Nova



## A CLAVE

As tentacións son un relato simbólico no que Lucas nos quere facer caer na conta de que Xesús é quen de poñer o desexo do Reino por diante dos propios. O relato recóllese xusto despois do bautismo, porque estar na lea do Reino, formar parte da Igrexa, non nos inmuniza contra nós mesmos. Camiñamos pola vida cangando con nós, as nosas teimas e desexos,... ese toque de vaidade que sempre nos anda arredor, e que Xesús supera poñendo distancia entre el e si mesmo, no deserto, como fixeran Moisés e Elías, e como habían facer logo as Nais e Pais do deserto, que abriron para todos un camiño cara o interior, de afondamento e espiritualidade.

Pacomio e María, Basilio de Cesarea e Macrina, Xerome e Paula, Bieito e Escolástica,... a historia do monacato antigo está cheo de homes e mulleres. E maila que a historia nos deixou case en exclusiva aos homes como precursores, non debemos esquecer que á par deles estaban elas, seguindo vieiros similares con pegadas propias. En Galicia temos a Frutuoso, Froilán, Rosendo,... e antes ca eles a Exeria, muller afoutada que se arriscou a percorrer o oriente no S. IV documentando os inicios do monacato e apuntando as súas descubertas no seu diario de viaxe ou *Itinerario*.

Marisa de Corme

## A PALABRA

**DOMINGO 14 DE FEBREIRO. I de CORESMA**

**A PALABRA. Lc 4, 1-13**

Naquel tempo, Xesús, cheo de Espírito Santo, volveu do Xordán, e o Espírito levouno deserto adiante, durante corenta días, onde o tentou o Satán. Naqueles días non probou bocado, pero ao cabo deles sentiu fame. E díxolle o Satán: «Se es o Fillo de Deus, manda que estas pedras se volvan pan.» Respondeulle Xesús: «Está escrito: O home vive de algo máis que de pan.» Despois levouno a un outeiro e mostroulle nun intre todos os reinos do mundo. Díxolle o Satán: «Dareiche todo o seu poder e toda a súa gloria, porque mos entregaron a min e doullos eu a quen quero: Se me adoras todo será teu.» Respondeulle Xesús: «Escrito está: Adorarás o Señor, teu Deus, e só a El darás culto.» Levouno logo a Xerusalén e plantouno no cumio do templo e díxolle: «Se es o Fillo de Deus, bótate de aquí abaixo, que está escrito: Mandará os seus anxos para que te garden; e tamén: Levárate nas súas mans para que non se manquen os teus pés nas pedras.» Xesús respondeulle: «Está mandado: Non tentarás o Señor, teu Deus.» E rematadas as tentacións, o Satán deixouno ata o tempo axeitado.

## ECO

Hoxe cúmprese, na illa de Lesbos están soprando mainiño as brisas dunha axuda lenta e insuficiente, mais xenerosa... de corazón sen fondo.

Rostros descoñecidos falan alá lonxe nunhas mesas de diálogo e vai agromando a paz, parece que cheira menos a pólvora en Colombia disque se empregan a fondo, de corazón.

Francia, vaise erguendo pouco a pouco da noite dos pesadelos, vai limpando as beirarrúas de sangue, enxugando bágoas soltando aires ansiosos de liberdade ... aínda costa pero veñen desde moi fondo.

Desde moi fondo están querendo chegar limpas correntes de verdade e honradez...tan paseniñas elas, mais procuran cambios tan fondos na sociedade mesmo na política, no social, na forma de ser país...

Sí Señor, hoxe cúmprese. Dános ollos para velo a través da espesa brétema, das sinfonías dos xoguetes rotos, dos soños mergullados en sangue, dos medos malamente vencidos...cúmprese. Grazas por un dos teus dons máis prezados, a obstinación por ver.

Olga Álvarez

# Falando da lingua \*Coz lingüística (couce lingüístico)

Lidia e Valentina

## La Voz de Galicia

Todas as palabras rematadas en -ume son masculinas en galego, excepto “a servidume”; polo cal se debe dicir “Año Internacional dos Legumes”. É bo momento para recordar que se di a podremia, a certeza.

O plural de humedal é humedais, xa que todos as palabras agudas polisílabas rematadas en -l fan o plural substituíndo o “l” por -is; os monosílabos si substitúen o -l por es.

A 3ª persoa do singular do presente de indicativo do verbo dar é “deu” (eu dei, ti deches, el deu”), e non “dou”.

En galego “orixe” é feminina, por iso debemos dicir “de orixe británica”.

En galego debemos dicir “estrañas”; non \*extranas.

En galego debemos dicir “xadrez” e non \*axedrez.

En galego debemos dicir mozos, mocidade; \*xove e \*xóvenes son un cas-

telanismo adaptado, aínda que desde a Xunta de Galicia se crease o Carné \*Xove e mais o Parlamento \*Xove.

En galego debemos escribir “marabilloso” e “automóbil” e “automobilista” con b.

En galego debemos dicir “xemelga” e non \*xemela.

En galego debemos dicir “referendo” e non \*referéndum.

En galego debemos dicir “réxime” e non \*réximen.

En galego debemos dicir “castelo” e non \*castillo.

En galego debemos dicir “superviventes” e non \*supervivintes.

En galego debemos dicir “mentres” e non \*mentras.”

En galego regrésase a algún sitio, entón debemos dicir “regresar á casa”; porque a preposición “a” vai contraer co artigo “a” (a+a=á).

En galego debemos escribir Iraq e non \*Irak, e Xerusalén e non \*Jerusalén, e Nova York e non \*Nueva York.

A abreviatura de “metro” en galego é “m”; sen punto.

Ola a todas e todos. Pensariades que toleamos... Pois non. Simplemente caeu nas nosas mans o calendario 2016 do Programa Prensa-Escola de *La Voz de Galicia* e... abraiamos! Dirémosvos que paramos de revisar polo medio de maio, sen facelo a fondo e... xulgade vós... Que saibades que a empresa que edita iste calendario recibe unha boa subvención da Secretaría Xeral de Política Lingüística por facer cousas en galego, e o que nos deixan é un feixe de castelanismos, uns plenos e outros adaptados. Será por aquilo de estar máis cerca dos outros... Aí queda...

## O Fachineiro da obscenidade

### Desigualdades

A noticia desta fin de mes -que ningún xornal publicou a cinco columnas e tampouco non serviu para abrir ningún telexornal- foi a da crecente desigualdade deste sistema que ofrece cifras tan obscuras coma que 62 persoas posúan tanto coma os 3600 millóns dos máis pobres. Ou que o investimento español en paraísos fiscais subise no último ano un 2000% (investimos máis nas Illas Caimán ca en Reino Unido, Francia e Alemaña xuntos). É o que tal nos di o informe de Oxfam Intermon, que sae na mesma semana na que o ministro de Guindos afirma, impúdico, que o que fixo este goberno ha estudarse nos libros de historia. Sospeito que si, pero por outras razóns.



Por exemplo as que aduce o nobel de economía, Stiglitz, no foro de Davos, cando di que é de risa presumir de baixar o paro do 25 ao 22% ou exhibir unha taxa de

desemprego da xuventude do 50%. Tamén hai quen di que xa saímos da crise, pero que a onde querían chegar os que nos sacaron era ata aquí: o precariado e a desesperanza. Como isto do capitalismo, non hai quen o ature nin quen o entenda, para a próxima imos recomendar un libro e varias películas que axuden un pouco. Pero para non chegar tarde, por se gaña o Óscar, empezaremos pola máis recente, *A grande aposta*, que acaba de estrearse.

A.Q.